Concurso de cogumelos e Magosto

En outubro comezou o XVII Concurso Fotográfico "***Ollando Cogomelos***" que ten como complemento a exposición nos corredores do noso IES de distintas especies que foi aportando o alumnado, e que foron catalogadas e identificadas pola profesora ***Gladys Prado Bóveda***, do departamento de Bioloxía.

Tamén por iniciativa do Departamento de Debuxo, levouse a cabo un ***Concurso de Murais de Magosto***, que estarán expostos nos corredores e na entrada do noso centro.

Club de lectura de Pais e Nais

Comezou o club de lectura do centro ***A Quenda do Libro***, coa participación dos pais e nais do alumnado. Algunha persoa era a primeira vez que pisaba o centro, pero non será a última. Outras lembraron os seus anos mozos como alumnos/as do instituto e as súas horas na Biblioteca do mesmo.

O grupo constituído acordou ler *O Principiño* no idioma a elixir (galego, castelán, francés, inglés, portugués …) e mesmo algunha nai ten o libro en coreano.

Lembrámoslles a opción que teñen de levar da biblioteca libros polo que lles fixemos o carné de usuario .Algunha nai xa fixo uso del e xa lle prestamos o primeiro.

Tamén coñeceron o Blogue da Biblioteca e o do club de lectura onde se colgarán as novas de interese relacionadas coas lecturas e libros.

Os pais e nais manifestaron o seu grande gusto pola lectura e todos estivemos de acordo no desexo de promover o gusto pola lectura no alumnado mediante o exemplo nas familias.

Lembrade que a dirección de correo do club é clubdelecturalq@gmail.com.

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 2

Outubro—2012

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA

R.\ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)
Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR

Segundo a ***Resolución do 7 de setembro de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*** (DOG Nº 180 do 20 de setembro de 2012), realizarase proximamente neste centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que estará formada por

- Javier Conde Vázquez (Director)
- José Manuel Puente Novoa (Profesor)
- María Luisa Vilela Cortiñas (Nai)
- Libia Ansoar Fernán (Persoal non docente)
- Cristian Antón Rodríguez (Alumno)

Os catro últimos foron designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo celebrouse neste centro ***o luns 29 de outubro de 2012, ás 11'15 horas, no salón de actos***.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do centro.

CALENDARIO PREVISTO PARA AS ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR

Data	Proceso
5 de novembro	▪ Publicación das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos: profesorado, pais/nais, persoal de administración e servizos e alumnado. ▪ Publicación provisional dos censos dos sectores educativos citados. ▪ Envío de escrito ao Concello de Chantada solicitando a designación do seu representante.
Do 5 ao 14 de novembro (ambos os dous incluídos)	Admisión de candidatos presentando no rexistro da secretaría do centro a candidatura. Finaliza o día 14 de novembro ás 14:00 horas.
14 de novembro	Proclamación provisional de candidatos a partir das 14:15 horas.
15-16 de novembro	Reclamacións á proclamación de candidatos.
19 de novembro	▪ Celebración da 2ª reunión da Xunta Electoral ás 11:15 horas ▪ Proclamación e posterior publicación de candidaturas por sectores de representación. ▪ Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións. ▪ Aprobación de modelo de papeletas dos distintos actos electorais. ▪ Sorteo público da designación dos membros das mesas electorais.
22 de novembro	Claustro ordinario de profesores/as para informar sobre as normas do regulamento relativas ao procedemento de elección dos representantes do profesorado no Consello Escolar (16:15 horas)
26 de novembro	▪ ***10:00 horas-11:00 horas***: Constitución mesa electoral, votación e escrutinio persoal non docente. ▪ ***11:15 horas - 11:45 horas***: Claustro extraordinario de profesores/as. Constitución mesa electoral, votación e escrutinio profesorado. ▪ ***12:00 horas - 14:00 horas***: Constitución mesa electoral, votación e escrutinio alumnado. ▪ ***15:30 horas - 18:30 horas***: Constitución mesa electoral, votación e escrutinio pais/nais.
27-28 de novembro	Reclamacións contra a resolución das mesas electorais.
29 de novembro	▪ Celebración da 3ª e última reunión da Xunta Electoral ás 11:15 horas. ▪ Proclamación de candidatos elixidos. ▪ Traslado ao Xefe Territorial de Lugo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das copias de actas das votacións efectuadas.
5 de decembro	Constitución do consello escolar en sesión extraordinaria (11:15 horas).
Antes do 20 de decembro	Envío do formulario (anexo II) segundo a ***Resolución do 7 de setembro de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*** (DOG Nº 180 do 20 de setembro de 2012).